

Federación Galega de Balomano

Procedemento: DE402B- Subvencións a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva (convocatoria 2024).

Nº expediente: DE402B-2024-0000017

Asunto: **Notificación resolución.**

Con data do 19 de xullo de 2024, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ditou resolución pola que se publica a resolución das solicitudes de subvención da Orde do 24 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento DE402B)

Dita resolución, en tanto non se publique no DOG, pode verse e descargarse na web da Secretaría Xeral para o Deporte <https://deporte.xunta.gal/gl/convocatorias>.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, ou ben, un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Esta notificación envíase a todas aquelas entidades solicitantes que presentaron a solicitude en tempo e forma, e surtirá os efectos oportunos de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura dixital

O xefe do servizo de Fomento e Xestión Deportiva

Modesto Rouco Vilar

